

# ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN

## CAPÍTULO I

### DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO

**Artigo 1.** Coa denominación Sociedade Cultural e Recreativa "Bergantiños, Casino de Carballo", constitúese unha asociación baseándose na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, e que carece de ánimo de lucro.

**Artigo 2.** Esta asociación constitúese por tempo indefinido.

**Artigo 3.** A existencia desta asociación ten como fins:

1. Lectura de libros, revistas, periódicos e folletos na sala destinada a biblioteca, a nutrir a cal destinarase unha cantidade, non inferior ó dez por cento dos ingresos da Sociedade, e será rexida por uns estatutos que ó efecto confeccionará a xunta directiva ou unha comisión en que esta delegue.
2. Celebración de veladas lírico-literarias, concertos, bailes, conferencias e cantos actos impliquen cultura, ilustración ou recreo, sempre que os mesmos non se opoñan ás boas costumes e moralidade que en todo momento debe presidir as actividades deste Centro. A tal efecto, e en harmonía cos seus recursos, procurarase dotar á Sociedade de material radiofónico e discoteca, así como seus accesorios.
3. Xogos licitos.

**Artigo 4.** Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes actividades:

1. Organización de todo tipo de actividades culturais e recreativas como lectura de revistas, periódicos e folletos na biblioteca, veladas lírico-literarias, concertos, bailes, conferencias, xogos licitos e cantos actos impliquen cultura, ilustración ou recreo.

**Artigo 5.** A asociación establece o seu domicilio social en Carballo, rúa Vázquez de Parga, nº 1, CP 15100, e o seu ámbito territorial no que se van realizar principalmente as súas actividades é todo o territorio da comarca de Bergantiños.

## CAPÍTULO II

### ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

**Artigo 6.** A asociación será xestionada e representada por unha xunta directiva formada por: un presidente ou unha presidenta, un secretario ou unha secretaria, vicepresidente/a, vicesecretario/a, tesoureiro/a, contador/a, bibliotecario/a e vocais.

Todos os cargos que compoñen a xunta directiva serán gratuitos. Estes serán designados e revogados pola asemblea xeral extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de dous anos.

**Artigo 7.** Estes poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á xunta directiva, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e por expiración do mandato.

**Artigo 8.** Os membros da xunta directiva que esgotaran o prazo para o cal foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos até o momento no que se produza a aceptación dos que os substitúen.

**Artigo 9.** A xunta directiva reunirse cantas veces o determine o seu presidente ou a súa presidenta e a iniciativa ou petición dun dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto do/a presidente/a será da calidade.

**Artigo 10.** Facultades da xunta directiva:

As facultades da xunta directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes estatutos, autorización expresa da asemblea xeral.

Son facultades particulares da xunta directiva:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executar os acordos da asemblea xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da asemblea xeral os balances e as contas anuais.
- d) Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- e) Elixir delegados para algunha determinada actividade da asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da asemblea xeral de socios/as.

**Artigo 11.** O/a presidente/a terá as seguintes atribucións: representar legalmente a asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados; convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a asemblea xeral e a xunta directiva, así como dirixir as deliberacións de unha e de outra; ordenar pagamentos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de darlle conta posteriormente á xunta directiva.

**Artigo 12.** O/a vicepresidente/a substituirá ao/á presidente/a en ausencia deste/a, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que el/ela.

**Artigo 13.** O/a secretario/a terá a cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da asociación, expedirá certificacións, levará os libros da asociación legalmente establecidos e o ficheiro de asociados/as, e custodiará a documentación da entidade, e fará que se cursen as comunicacións sobre designación de xuntas directivas e demais acordos sociais inscribibles aos rexistros correspondentes, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

**Artigo 14.** O/a tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación e daralle cumprimento ás ordes de pagamento que expida o/a presidente/a.

**Artigo 15.** Os/as vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da xunta directiva, e así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia xunta lles encomende.

**Artigo 16.** O/a vicesecretario/a desempeñará as funcións do/a secretario/a nos casos de enfermidade, ausencia ou vacante daquel, e ademais exercerá regularmente as seguintes funcións: auxiliará ó/á secretario/a no seu cometido e realizará cantas xestións lle encomende a directiva, levará un rexistro xeral das altas e baixas de socios/as, con anotación das respectivas datas e as oportunas observacións pasando nota mensual ó/á contador/a, facerase cargo das solicitudes de ingreso na Sociedade, dando conta das mesmas á directiva na primeira sesión que esta celebración.

**Artigo 17.** O/a contador/a terá as seguintes atribucións: intervir as contas de tesourería, verificar tódalas operacións de caixa, que anotará nos libros correspondentes, coa debida separación de ingresos e gastos, extenderá e firmará os libramentos autorizados polo/a presidente/a, dará conta mensualmente á directiva dos recibos de socios entregados ó conserxe para o seu cobro, así como dos pagados e pendentes de pago, presentará anualmente o balance das operacións realizadas durante o ano, comprensivo de tódolos ingresos e gastos e confeccionará anualmente un inventario dos bens sociais.

**Artigo 18.** O/a bibliotecario/a desempeñará as seguintes funcións: propoñer á xunta directiva a adquisición dos libros e publicacións que estime de interés, levará un rexistro, firmado polo/a presidente/a e secretario/a, de altas e baixas dos libros ó seu cargo, custodiará e terá baixo o seu cargo a documentación e o material correspondentes á biblioteca, e organizará e vixilará o funcionamento da mesma, con arreglo á reglamentación especial que se redactará ó efecto.

**Artigo 19.** As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da xunta directiva serán cubertas provisionalmente entre outros membros desta xunta até a elección definitiva pola asemblea xeral extraordinaria.

### CAPÍTULO III

#### ASEMBLEA XERAL

**Artigo 20.** A asemblea xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e estará integrada por todos/as os/as asociados/as.

**Artigo 21.** As xuntanzas da asemblea xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ao ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do/a presidente/a, cando a directiva o acorde ou cando o propoñan por escrito unha décima parte dos asociados.

**Artigo 22.** As convocatorias das asembleas xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da xuntanza así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea en primeira convocatoria deberá mediar cando menos quince días, podendo así mesmo facerse constar se procedera, a data e a hora en que se reunirá a asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a unha hora.


**Artigo 23.** As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela un tercio dos/as asociados/as con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados/as con dereito a voto.

Os acordos tomaranse pola **maioría simple** das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen os negativos, sen seren computables para estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

Será necesaria **maioría cualificada** das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a) Nomeamento das xuntas directivas e administradores/as.
- b) Acordo para constituir unha federación de asociados/as ou integrarse nelas.
- c) Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
- d) Modificacións de estatutos.
- e) Disolución da entidade.

**Artigo 24.** Son facultades da asemblea xeral ordinaria:

- 
- a) Aprobar, no seu caso, a xestión da xunta directiva.
  - b) Examinar e aprobar as contas anuais.
  - c) Aprobar ou rexeitar as propostas da xunta directiva en orde ás actividades da asociación.
  - d) Fixar as cotas ordinarias e extraordinarias.
  - e) Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da asemblea extraordinaria.
  - f) Acordar a remuneración, no seu caso, dos membros dos órganos de representación (*Requirirá acordo de modificación dos estatutos e que conste nas contas anuais aprobadas en asemblea art. 11.5 LO 1/2002*).

**Artigo 25.** Correspóndelle á asemblea xeral extraordinaria:

- a) Elección dos membros da xunta directiva.
- b) Modificación dos estatutos.
- c) Disolución da asociación.
- d) Expulsión de socios/as, a proposta da xunta directiva.
- e) Constitución de federacións ou integración nelas.

#### CAPÍTULO IV SOCIOS E SOCIAS

**Artigo 26.** Poderán pertencer á asociación aquelas persoas con capacidade de obrar que teñan interese no desenvolvemento dos fins da asociación.

**Artigo 27.** Dentro da asociación existirán as seguintes clases de socios/as:

- a) Socios/as fundadores/as, que serán aqueles que participen no acto de constitución da asociación.
- b) Socios/as de número, que serán os que ingresen despois da constitución da asociación.
- c) Socios/as de honra, os/as que polo seu prestixio ou por contribuír de modo relevante á dignificación e desenvolvemento da asociación, se fagan acredores/as de tal distinción. A elección dos/as socios/as de honra corresponderalle á asemblea xeral.

**Artigo 28.** Os/as socios/as causarán baixa por algunha das seguintes causas:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á xunta directiva.
- b) Por incumprimento das obrigas económicas, no caso de que se deixaran de satisfacer tres cotas periódicas.



**Artigo 29.** Os/as socios/as de número e fundadores/as terán os seguintes dereitos:

- a) Tomar parte en cantas actividades organice a asociación en cumprimento dos seus fins.
- b) Participar nas asembleas con voz e voto.
- c) Ser electores e elixibles para os cargos directivos.
- d) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da asociación.
- e) Facerlles suxestións aos membros da xunta directiva para o mellor cumprimento dos fins da asociación.

**Artigo 30.** Os/as socios/as fundadores e de número terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos das asembleas e a xunta directiva.
- b) Aboar as cotas que se fixen.
- c) Asistir ás asembleas e demais actos que se organicen.
- d) Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.

**Artigo 31.** Os/as socios/as de honra terán as mesmas obrigas que os/as fundadores/as e de número a excepción das previstas nos apartados b) e d), do artigo anterior.

Así mesmo, terán os mesmos dereitos a excepción dos que figuran nos apartados b) e c) do artigo 29, podendo asistir ás asembleas sen dereito a voto.

**Artigo 32.** Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da asociación serán os seguintes:

- a) As cotas de socios/as, periódicas ou extraordinarias.
- b) As subvencións, legados ou herdanzas que puidera recibir de forma legal por parte dos/as asociados/as ou de terceiras persoas.
- c) Calquera outro recurso lícito.

**Artigo 33.** O patrimonio fundacional ou fondo social da asociación é de 600 €.

**Artigo 34.** O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

## CAPÍTULO VI

## DISOLUCIÓN

**Artigo 35.** Disolverase voluntariamente cando así o acorde a asemblea xeral extraordinaria, convocada para tal efecto, por unha maioría de 2/3 dos/as asociados/as.

**Artigo 36.** No caso de disolución, elixírase unha comisión liquidadora, a cal, unha vez extinguidas as débedas, e se existise, destinará o sobrante líquido para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

En todo canto non estea previsto nos presentes estatutos, aplicarase a vixente Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e as disposicións complementarias.

D./D.ª FRANCISCO ASTRAY CALVO      D./D.ª JOSÉ GONZÁLEZ RODRIGUEZ  
D./D.ª VICTORINA ENRIQUEZ RIVERO      D./D.ª CARLOS ALVAREZ PENEDO,  
D./D.ª FERNANDO GÓMEZ ALVAREZ      D./D.ª .....  
D./D.ª JOAQUÍN GAAMANO CORDERO      D./D.ª .....

Estos estatutos foron modificados para adaptalos á Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación, por acordo da asemblea Xeral celebrada a tal efecto o día 6 de maio de 2.004. -

ASDO: O/A Secretario/a da Asociación Sociedade Cultural e Recreativa "Bergantifos, Casino de Carballo".

*[Handwritten signatures and stamps]*  
Victoria Enriquez Rivero  
[Circular stamp: XERGA - XERGA - XERGA]

**INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN ASOCIACIÓN Nº** 152/13

Inscrita a modificación por resolución do 22  
de maio de 20 13  
ós sos efectos de publicidade de conformidade co artigo 22 da constitución e artigo 16 da L.D. 1/2002.

A XEFA DO SERVIZO  
*[Signature]*  
ASDA-M-LDO-2014



G15028285

SOCIEDAD CULTURAL Y RECREATIVA  
BERGANTIROS

CL VAZQUEZ PARGA  
CARBALLO 15100 A CORUÑA

CL VAZQUEZ PARGA  
CARBALLO 960 15100 A CORUÑA

15019